

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E ORGANON SALUD, SL PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA SOBRE SAÚDE CON PERSPECTIVA DE XÉNERO CON EXPERTOS CLÍNICOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou, o día 15 de marzo de 2023, con ORGANON SALUD, SL o instrumento convencional arriba referido, que estará vixente desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro do ano 2023 salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Realizar un evento sobre Saúde con perspectiva de xénero, que se concretou na Xornada "SALUD CON PERSPECTIVA" e a tal fin as partes comprometéronse a realizar as actividades detalladas no anexo I do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

ORGANON SALUD, SL é unha compañía privada que se dedica á investigación, desenvolvemento e comercialización de especialidades farmacéuticas e está interesada en desenvolver iniciativas que poidan contribuír á mellora asistencial e da calidade de vida dos pacientes. O seu interese en colaborar co Servizo Galego de Saúde busca enriquecer estes espazos e seguir dando voz a figuras relevantes autonómicas, e en Galicia dar un paso máis, debido a que se considera positivo facer un debate sobre a perspectiva de xénero, no ámbito sanitario, para poñer en valor a importancia e a necesidade de incluír a dita perspectiva na xestión sanitaria para mellorar a saúde das mulleres.

As partes acordaron colaborar para poñer en valor a importancia e a necesidade de incluír a perspectiva de xénero na xestión sanitaria para mellorar a saúde das mulleres, asinando un acordo de colaboración para a realización e desenvolvemento da Xornada "Saúde con perspectiva" que tivo lugar en Santiago de Compostela en marzo de 2023. Con este fin ORGANON colaborou mediante unha achega económica de cinco mil novecentos corenta euros (5.940,00€) (IVE non incluído) con concepto de Aval do evento.

O convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *"As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia."* e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os *"Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral"* e en cuxo apartado 1 establécese que *"Se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel por o cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades."*

A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos".

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

